

# MEMORIA EXPLICATIVA

## 1. DATOS XERAIS (Comúns para Seccións de Cultura e Deportes, Promoción Económica e Acción Social)

### 1.1. DATOS DA ENTIDADE E OBXECTO DA SOLICITUDE

ENTIDADE	Federación Galega de Redeiras Artesás de Galicia		
NIF	G 15969868		
OBXECTO DA SOLICITUDE	Dentro do Programa FOENNA 2017, a Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao quere solicitar unha axuda para arealización dun curso de 300 horas en Confección e reparación de diversas artes de pesca para, deste xeito, facilitar a consecución da acreditación profesional.		
P. RESPONSABLE DO PROXECTO	Verónica Veres Tasende	TELÉFONO	691237370

# MEMORIA EXPLICATIVA

## 1.2. BREVE DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES/INVESTIMENTOS

A Federación de Redeiras Artesás O Peirao aposta por realizar un programa de asesoramento laboral, posto que é fundamental para a **profesionalización do sector** e o **relevo xeracional**.

Neste sentido, a necesidade de formar unha nova xeración de redeiras é fundamental para garantir o relevo xeracional neste sector. Nos últimos anos, esta entidade ten detectado un elevado número de chamadas por parte de confrarías, outras entidades, así como persoas interesadas que preguntaban por como formarse como redeiras e poder darse de alta, xa que descoñecían cal era o camiño para conseguilo.

Dende 2014, para traballar como redeira dándose de alta no ISM (Instituto Social da Mariña) precísase a titulación en Confección e Reparación de Artes e Aparellos de Pesca. Esta titulación conséguese por 2 vías:

1. Para as persoas que non teñen experiencia, poden conseguila realizando un curso que organiza a Consellería de traballo de 330 horas. Dende 2009, que saíu a titulación só se impartiron 3 cursos na zona sur de Galicia (Marín). Para acceder a este curso precísase ter a ESO ou equivalente posto que o curso é de nivel 2.

2. Outra forma de conseguir a titulación é pola vía do recoñecemento da experiencia (3 anos de experiencia) ou da formación (300 horas). Trátase do proceso de "acreditacións profesionais", (convocado anualmente pola Consellería de traballo). Cumprindo algún dos 2 requisitos (experiencia ou formación) e superando o proceso de avaliación, onde se demostra a competencia nas distintas unidades, pódese obter o certificado de profesionalidade que se precisa para darse de alta no sector e poder traballar profesionalmente.

A Federación optou neste programa de axudas da Deputación provincial de A Coruña pola vía do recoñecemento da formación, co obxectivo de dar saída a aquela xente que quere entrar na profesión e non ten posibilidade, ben porque non saen cursos na zona norte ou ben por ter baixa cualificación (non ter a ESO para facer o curso de nivel 2).

Neste sentido, preténdese seleccionar un grupo de mulleres da zona alta de Cariño e arredores, para ofrecerlles información e orientación a través da realización dun curso en confección e reparación de diversas artes e aparellos, cunha duración de 300h.

Ademais, esta formación permite asesorar ás/aos interesados en novas tecnoloxías e habilidades para o traballo, e así, mellorar a súa cualificación e poder presentarse nun futuro ao proceso de acreditacións nos que conseguir a titulación coa que poderán darse de alta como redeiras e mellorar as súas expectativas de emprego.

O custe da actuación ascenderá a 7.500 euros.

# MEMORIA EXPLICATIVA

## 1.3. CALENDARIO DE REALIZACIÓN

Nome da actuación : Curso de confección e reparación de diversas artes de pesca

Temporalización: 12 de xuño ao 12 de outubro de 2017

AS FASES DO PROGRAMA SON AS SEGUINTE:

1º. INFORMACIÓN E SELECCIÓN: Do 12 ao 30 de xuño

Contactar cos distintos organismos (confrarías da zona Cariño, Espasante e Cedeira), concellos (Cariño, Ortigueira, Cedeira e Mañón), Inem (As Pontes de García Rodríguez e Ferrol), asociacións de redeiras (Cariño e Cedeira) para poder acceder a un grupo de mulleres con baixa cualificación e de zonas de baixa ZPP. O concello de Cariño amosou a súa dispoñibilidade para facilitar as instalacións necesarias para o desenvolvemento do curso. Difundir información, a través de carteis pola zona, redes sociais, páxina web e medios de comunicación a través de envío de notas de prensa.

Selección: De cara á selección das participantes, terase especialmente en conta aqueles candidatos, especialmente mulleres en risco de exclusión social, sen titulación académica, e paradas de longa duración, co obxectivo de facilitarlles unha nova oportunidade profesional.

2º. ORIENTACIÓN: Entre o 1 e o 15 de xullo.

No mes de xullo está prevista unha fase de toma de contacto, explicación detallada do programa, obxectivos, pasos a seguir para a realización do curso. Para iso, a directiva da entidade desprazarase ás confrarías implicadas para informar do curso e abrirose un prazo de inscrición para que o fagan as persoas interesadas.

3º. FORMACIÓN ESPECÍFICA: Do 15 de xullo ao 12 de outubro de 2017

Neste apartado está previsto realizar o seguinte programa:

Modulo 1: Introducción (25 horas)

Contidos: Coñecer o campo no que van a traballar, Analizar como se atopa o sector das redeiras, características do sector: Formas de traballo, Perfil do sector, condicións, situación laboral, realidade do sector. Tipos de entidade no sector: Federación de Redeiras. Entidade. Funcións, obxectivos, Contacto, Páxina web, asociacións da entidade. Outros modelos, as cooperativas Prevención e seguridade no traballo das redeiras. Analizar os perigos, enfermidades profesionais e medidas de prevención. Acreditacións profesionais, que son, requisitos, fases do proceso, orientacións para as distintas fases que conleva as acreditacións e así poder superar as probas e conseguir a titulación profesional

Módulo 2: Arrastre (75 horas)

Contidos: Fibras: clasificación, apertura vertical e horizontal, superficie e forma dos panos Reparación de avarías: Avaliar as diferentes avarías para realizar as reparacións Planos: partes dos planos. Cortes das redes: Tipos de cortes, consideración das mallas e os nós, cortes aumentados, menguados e rectos. Limpeza de nós, unión de panos, reforzo de panos Construción de redes: Construción de panos rectos e menguados.

Módulo 3: Cerco (100 horas)

Contidos: Interpretar e confeccionar os planos das artes de cerco. Coñecer os distintos materiais que conforman as artes de cerco e as súas características. Clasificación de materiais. Elaborar os materiais para a montaxe dunha arte de cerco. Símbolos empregados. Unir panos e tiras de reforzo para conformar a arte de cerco. Calcular para determinar a lonxitude das relingas ou trallas. Lonxitude de pano estirado lonxitude de rede armada: bolso/embando. Elaborar distintos nós necesarios para a unión de panos que conforman a arte de cerco. Unión de pezas de mallaje diferente: tiras de reforzo, corta-avarías. Costuras necesarias para realizar as gazas e unións entre as trallas. Detectar as diferentes avarías para proceder a reparación. Detectar as avarías, en panos, tiras de reforzo e nas relingas ou trallas. Materiais e ferramentas necesarias para proceder a reparación das avarías. Avaliación da avaría. Reparación cando falta pano. Reparación nas relingas: costuras e árgolas, substitución de elementos de lastre ou flotación. Posición de dedos, mans e corpo.

# MEMORIA EXPLICATIVA

## Módulo 4: Artes Menores (60 horas)

Contidos: Interpretar e confeccionar os planos das artes menores. Distinguir as partes dunha arte. Interpretar un plano: coñecer os distintos materias que conforman as artes menores e as súas características. Clasificación das fibras textis e características. Trallas ou relingas: características e numeracións. Elementos de lastre e flotación: características e medidas. Panos: características e medidas. Elaborar os materiais para o montaxe das artes menores. Mallas: características, dimensións y formas de medilas. Calcular para determinar a lonxitude das relingas ou trallas. Lonxitude de pano estirado lonxitude da rede armada. Prácticas de nós necesarios para o montaxe das artes menores. Realizar costuras necesarias para realizar as gazas nas trallas Detectar as diferentes avarías para proceder a reparación. Detectar as diferentes avarías para proceder a reparación. Avaliación da avaría. Reparación cando falta pano. Reparación cando non falta pano. Reparación nas relingas: costuras e argolas

## Módulo 5: Palangre (40 horas)

Contidos: Interpretar e confeccionar os planos dun aparello de palangre; Distinguir as seccións dun aparello de palangre; Coñecer os distintos materias que conforman os aparellos de palangre e as súas características. Clasificación das fibras textís e características das mesmas. Tanzas: características e diámetros. Xiratorios: medidas e numeracións. Anzois, coñecementos básicos sobre os mesmos, diferentes tipos de anzois. Clasificación e montaxe dos anzois. Detectar avarías e proceder a súa reparación. Reparación da base e das brazoladas. Realización de nós e costuras para a correcta reparación do aparello de palangre

### 1.4. NÚMERO DE PERSOAS BENEFICIARIAS

30 persoas que reúnan as seguintes características:

- Mulleres novas que non teñan o certificado da ESO
- Mulleres paradas de longa duración que desexen reciclarse profesionalmente
- Mulleres de máis de 45 anos
- Mulleres con núcleos familiares con baixas rendas familiares
- Mulleres que son redeiras pero que non teñen a cualificación profesional
- Homes en calquera das situacións anteriores

O programa de formación priorizará as mulleres.

## MEMORIA EXPLICATIVA

### 1.5. ADECUACIÓN DAS ACTIVIDADES/INVESTIMENTOS Ó INTERESE PROVINCIAL

O presente programa de formación profesional impartido pola Federación Galega de Redeiras O Peirao contribuirá a dinamizar o emprego da zona norte da provincia de A Coruña favorecendo a adopción de novas competencias profesionais a un colectivo de mulleres en risco de exclusión social, ben porque non poden acceder á titulación oficial xa que non reúnen algún dos requisitos necesarios, como pode ser contar co certificado de Educación Secundaria Obrigatoria ou ben porque non se poden desprazar ata as localidades onde a Administración convoca a formación regrada.

Deste xeito, contribuirase a incrementar o número de redeiras nos portos do norte de A Coruña, fortalecendo un sector, así como o asociacionismo, fundamental para a mellora das condicións profesionais deste colectivo.

#### **Coidado do medio ambiente**

A actividade realizarase desde o máis estrito respecto ambiental, xa que a actividade de redeira é totalmente artesanal, empregando instrumentos tradicionais e elaborando aparellos que veñen servindo ao sector pesqueiro desde hai séculos. Deste xeito, coa realización deste curso, favorecerase a sustentabilidade do sector pesqueiro galego ao empregar artes e aparellos respectuosos co medio mariño.

#### **Activación da economía e o comercio**

A acción suporá unha activación do sector pesqueiro xa que as confrarías da zona contarán cun número maior de profesionais redeiras capaces de xerar en menos tempo, un maior número de aparellos de pesca, polo que se contribuirá a incrementar a rendibilidade do sector na zona.

#### **Formación para o emprego**

O curso impartido pola Federación O Peirao suporá, cando menos, 30 redeiras máis na zona, o que fortalecerá o sector pesqueiro en xeral con novas profesionais, con titulación e inscritas no ISM; incrementará o nivel de cualificación do sector, con xente máis formada e de acordo a realidade máis actual; promoverá o uso das novas tecnoloxías xa que estes colectivos en risco de exclusión social terán acceso ás ferramentas tecnolóxicas.

Malpica de Bergantiños, 1 de maio de 2017

Asdo. / Verónica Veres Tasende

Presidenta